



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Estancias Clínicas VII | Código | 661G01031 | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia. | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Rei Serra, Teresa | Correo electrónico | teresa.rei@udc.es | |
| Profesorado | Rei Serra, Teresa | Correo electrónico | teresa.rei@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia Estancias Clínicas VII correspóndese co nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada e relaciónase directamente coa materia Enfermería materno-infantil. Pretende introducir ó estudante no coñecemento do contexto pediátrico, para o desenvolvemento de habilidades e destrezas nos coidados aplicados neste ámbito, co obxectivo primordial de que aprenda a planificar, prestar e avaliar os coidados de enfermaría á poboación infantil. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |



| | |
|-----|--|
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|---|------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Cooperar/colaborar co equipo asistencial sanitario das unidades de coidados infantís. | A62 | B3 B5 B6 B7 B8 B9 | C1 C3 C12 |
| Desenvolver estratexias de comunicación efectiva cos nenos ingresados nas unidades de coidados infantís e coas súas familias. | A62 | B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 | C1 C3 C4 C10 C12 |
| Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde dos nenos enfermos e das súas familias. Colaborar e/ou executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade do neno. | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 | C1 C3 C4 C7 C11 |



| | | | |
|--|-----|--|-----------------------|
| Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias | A62 | B5 B6 B7 B9 B10 B13 B14 B15 B16 B24 | C1 C4 C7 C11 |
|--|-----|--|-----------------------|

| Contidos | |
|--|----------|
| Temas | Subtemas |
| Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades de coidado infantil hospitalario. | |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A62 | 1 | 0 | 1 |
| Prácticas clínicas | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | 120 | 0 | 120 |
| Solución de problemas | A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada | | 7 | 0 | 7 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Actividade de carácter obrigatorio. Realizarase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos precisos para o correcto desenvolvemento da materia, a realización do traballo (solución de problemas), así coma a forma de avaliación. |
| Prácticas clínicas | Desenvólvense no primeiro cuadrimestre do cuarto curso. Teñen como finalidade capacitar ós estudantes para identificar os problemas de saúde dos nenos enfermos e colaborar na planificación, execución e avaliación dos coidados prestados ó neno e á súa familia. Os rotatorios clínicos realizaranse nunha unidade pediátrica do Hospital Teresa Herrera (Materno-infantil) e en quendas rotatorias de mañá ou tarde. |
| Solución de problemas | Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante. A asistencia será obrigatoria. O estudante poderá elixir entre describir e analizar un protocolo, técnica ou procedemento específico da unidade; ou describir e analizar unha situación clínica concreta para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|-----------------------|--|
| Solución de problemas | A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. |
| Prácticas clínicas | Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico. |
| | A atención personalizada relacionada coa Solución de problemas ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das técnicas ou procedementos ou na descrición do caso clínico. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico. |

| Avaliación | | | |
|-----------------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Solución de problemas | A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | Criterios de avaliación: 1. Presentación oral e escrita: 2 puntos. 2.Capacidade de síntese: 2 puntos. 3. Razoamento clínico: 4 puntos. Argumenta a selección das intervencións e identifica os puntos de vista diferentes. Establece criterios para avaliar a efectividade das intervencións 4. Aportación persoal: 2 puntos. | 50 |
| Prácticas clínicas | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia será obrigatoria. | 50 |

| Observacións avaliación |
|--|
| <p>Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estancias Clínicas I, II e III, tal e como consta na memoria do título de grao.</p> <p>A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas polo estudante segundo os criterios que se establezan.</p> <p>Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán comunicarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.</p> <p>Ó finalizar o período de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a Memoria segundo se especifica no Regulamento de Estadías Clínicas.</p> <p>As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.</p> <p>Avaliación 2ª oportunidade</p> <p>Dado que as prácticas clínicas son de carácter presencial, e polo tanto non recuperables, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar as actividades relativas á solución de problemas.</p> <p>Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial</p> <p>Dado que as prácticas clínicas son de carácter presencial, e polo tanto non recuperables, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.</p> |

